



GALERÍA DE ARTE

Toda unha década

UN edificio histórico de alto rango e valor cultural, como son as casas dos cónegos de Iria Flavia, acolle parte da colección pictórica do empresario José Manuel Cortizo.

Probablemente este home de negocios sexa un dos moitos personaxes que entenden de arte como un bo instrumento para afianza-lo seu prestixio, rango ou imaxe. Entramos así nun concepto de mecenas preocupado por dar unha imaxe ostensible de grandeza. Por outra banda, o instinto de posesión, de afirmación do propio que encerra calquera colecciónismo, dota a selección de obras aquí reunidas dun gran valor científico, xa que se poden converter nun espello da cultura do seu posuidor. Efectivamente, a colección privada que exhibe a Fundación Camilo José Cela, reflecte a historia dun gusto, dun pracer por recomplir bos exemplos do quefacer de sobranceiras figuras do panorama artístico galego do primeiro decenio de século: Colmeiro, Manuel Torres, os surrealistas Urbano Lugrís e Maruja Mallo, Arturo Souto e o expresionista e inconfundible Laxeiro. Todos eles recollen nos seus lenzos, costumes, personaxes e paisaxes da nosa terra natal, o que lle fai ó espectador sentirse como no seu fogar ó moverse polas distintas dependencias do nobre edificio que alberga estes cadros. Os artistas expostos amósanse permeables ás vanguardas de principios de século: postimpresionismo, movemento fauve, cubismo, expresionismo como nos deixá apreciar a obra de Colmeiro onde un

tema seu tan característico como as feiras queda envolto cun mantón renovador. Na colección que exhibe esta institución volve estar ben representado o xénero do retrato, que xa desde o século XV nacera á calor de determinados círculos intelectuais.

Arturo Souto déixanos unhas miradas enigmáticas, un porte de elegancia e un saber recolle-la colleita cultivada polos movementos artísticos parisinos apreciables sobre todo no xénero da paisaxe, ben representado na exposición.

O surrealismo aparentemente infantil, con gran sentido lúdico de Maruja Mallo, dotado de sencillez ó primeiro impacto visual engádesele un surrealismo miniaturista de Urbano Lugrís despregado por escenarios que se retrotraen á pintura flamenca e así mesmo se deixan influenciar por De Chirico ou o surrealismo francés. Non obstante posúen un espírito inequivocablemente galego ó incorporar crenzas e mitos da nosa terra, tal e como podemos apreciar no cadro titulado 'Sinfonía en mar mayor'.

Torres e Colmeiro envólvenos nun ambiente rural, de certa soildade no primeiro caso, onde o popular e o primitivo se fan extensibles tamén á obra de Laxeiro na que delata un vigor e unha paixón totalmente laxeriana.

Esperamos que estes seis seleccionados artistas sirvan de alicate para que axiña penduren destes muros outros lenzos representativos do mellor traballo dos nosos más recentes creadores galegos.

Fátima Otero